

Mulher a facer vento

**Alberto Augusto Miranda
e Xoán Carlos Domínguez Alberte (eds.)**

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

MIRANDA, ALBERTO AUGUSTO, E XOÁN CARLOS DOMÍNGUEZ ALBERTE (EDS.)
(2011 [1998]). *Mulher a facer vento*. Lisboa: Edições Tema. Reedición
en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1606>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

MIRANDA, ALBERTO AUGUSTO, E XOÁN CARLOS DOMÍNGUEZ ALBERTE (EDS.)
(1998). *Mulher a facer vento*. Lisboa: Edições Tema.

* Edición dispoñíbel desde o 20 de decembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Ana Romani

Anxos Romeo

Emma Conceiro

Luisa Villalta


Luz Pozo Garza

Olga Novo

Yolanda Castaño

mulher a fazer Vento

Mulher a fazer vento.



Mulher a facer vento - *Todos os*

poemas constantes deste livro são inéditos. A escolha das autoras deste poemário colectivo da poesia galega assinada no feminino é da responsabilidade de Alberto Augusto Miranda e Xoán Carlos Domínguez Alberte.

Capa: *Jorge Magalhães*

Ed. Tema

Dep. Lit. Sociedade Guilherme Cossoul

1ª Edição: Maio 1998

Travessa do Jardim, 8 - 1º Esquerdo

1350 Lisboa - Portugal

telef: 3950906/3973471

Impressão: Ciência Gráfica - 396 01 07

Depósito Legal: 123 885/98

Ana Romani, Anxos Romeo, Emma Couceiro,
Luísa Villalta, Luz Pozo Garza, Olga Novo,
Yolanda Castaño

Mulher a facer vento

Ed. Tema

Ana Romani (Noia, A Coruña, 1962)- Poeta e
jornalista.



Obra:

Das últimas mareas (Ed.
Espirai Maior, A Coruña,
1994)

Palabra de mar
(Ed. Autora, Santiago de
Compostela, 1996)

Abril. (Separata poetica,
1996)

Marmelada de amoras
(Relato, Nova 33, 1997)

Livros colectivos:

Queimar as meigas
(Torremozas, Madrid,
1988)

Palabra de Muller (Concello de Vigo, 1992)

Oito e medio (Ed. do Dragón, Santiago de Compostela, 1992)

Chineses (Santiago de Compostela, 1996)

Regresar como adentrándose de novo polo brazos
descubertos,
regresar pel, audacia e cereixas, labios azul
sorprendéndome.

Para a viaxe poucas palabras, e o abano cruzando
Agosto nos teus dedos.

Terma desta saiba que enlouquece cando pisas a luz
e me rodeas.

Agosto abre a luz para os meus ollos, en ti
as horas dun tempo de sobreiras e explanadas.
Camiño do sul viaxamos tantos fados
O Teixo devala no meu peito
Déitase Lisboa á sombra do teu ventre
Agosto en ti
Alfama nos meus dedos

Non alimento outras viaxes, espero
tan só que o nordés demore
nos teus ombros o aroma renovado
das cereixas. E que me comas
coa voracidade dos boleros.

Para a negación da luz será preciso un día e o seu eco,
as sombras que declinan na voz da tarde o seu silencio,
o gravitar intacto da memoria a nadar por entre a roupa
e o camiño lento da froita que soñar ser ata a cereixa.
E o tacto rugoso das horas será un lagarto
que se agocha entre os seus dedos, e o límite das pegadas
arderá de carne na evocación da que desexa.
Para a negación do sol e a súa sombra unha ringleira de
[escumas
pulsando o ritmo da culpa, vagas de sal e raiba nos ombros
como unha bandada de ás que soñaran coa luz
e a súa ausencia.

Nese punto xusto da mañá
os vértigos do ser e a illa
na consciencia definitiva do po.
Nese punto xusto da mañá
o corpo contraído,
as prazas que son aire,
as voces que non son, que se deforman,
os fios visibles do irreal.
E sabes que aí está, que se avén,
a parálise, e o espacio que se mingua,
a percepción da luz e
os ollos que se pechan no tremor.
E abandónase o corpo ás distancias,
abandónase ó mundo que se perde
na suor fría de xestos como espasmos
e un medo antergo sobe desde o fondo
das entrañas da vida e instálase na túa voz.

Por isso trema, por iso o espello é irreal coma as pantasma
coma a fiestra que se pecha sobre un mundo que non hai.
Só os músculos do tronco que bloquean cada entrada de

[aire,

e bórranse os perfís do día e dos días que virán
e un pánico de veo cobre toda a pel que se conxela
que non sente qué sente, en tantas agullas
estala a razón.

E as fiestras da loucura no temor, e os días sen luz que
[imaxinas,

ensimesmadas as horas no bater das augas contra a vida
[que non vives

alleada de ti, en ti perdida, nos labirintos do corpo
[somatizando

as sombras do león.

E en ti tamén a calma.

Ana Romani

Anxos Romeo (A Estrada, Pontevedra, 1965) -

Poeta e Pintora.



Obra:

A estatua (Ed.
Espiral Maior, A
Coruña, 1996)

Poesía Ultimísima -
35 voces para abrir
un milenio (Ed.
Libertarias, Ma-
drid, 1997)

os días de lúa masco serpes e cobras xigantes
rodeada da triste paisaxe da memoria, masco cerimoniais
despertas sobre o mundo nun refuxio que devora peles emprendidas
nun tempo sen rutas e marxes fermosos sen asegurar,
pero aquí penso:-unhas poucas horas nos Alpes de Enns arañados de roupa branca
e xa estou desexando ter nai cobra
pra que me devore aquí mesmo!

os días de lúa cando non é lúa
traizóome e constrúome fráxil, despunto o día sen anxo exterminador
sen portas e sen o indómito pelaxe, e...
en vez de abeirarme de ortigas, espero a que a cobra chegue
e me coma a cachos, e as veces dáme unha rabia coñecida
porque sei que dentro atoparei os anacos
doutras que pensaron que o mundo era sempre Venecia ou París ou Copenhague,
e a rabia é mestura de violencia e asco que tarda en murcharse
porque a miña festa infantil xa dobrou a cabeza

agora é véspera de día de lúa e
penso que permanecerei cuidando do meu gando,
entre pracer e dor, coa mesma arrogancia
que os presentes e demorados metidos no seu bo fogar

casas desnortadas nos ouriñales das fiestras
que dun trago bebe o ceo
pra ordenar a redondez das andoriñas, antes que estas,
convertidas en caracolas pasen o seu inverno
soñando no fondo das lagoas

admitir as cousas no seu lastimoso intento
non é o espectacular cultivo
que elas precisan e soportan de nós - (tampouco é o meu
[cultivo)

toda a miña ambigüidade quere unha, abismal e diurna
que desgarre nas súas fiestras símbolos, glándulas,
fauces e alleas criaturas das pólas,
porque fronte ó sentimento que reseca os meus fluxos
continuará esa casa vestida
de ouricelos e cárpolas de neve sumerxidas na ausencia
que a razón mostra pra ocultar as súas neuronas de pedra

¿A quen están poñendo pensamentos no abismo dos tolos?
eran mortas de cumes sen tempo marcadas
na imposibilidade e no fío
¡non as empuxes! prantas de corpo rodeado teñen que poñer
[luz nos teñidos
o peito está punzado por días dalgunhas delas que se me
[adiantan ós rostros,
regresan as desbandadas das aves
e queren escribir no seu niño con auga
ó mundo madrugador que lle inventou unha febre de seda
pra calalas,
non inventalas, nin sequera debullalas na hedra,
a irrecoñecible noite non recolle os teus ollos
a serpe segue na cova pero non ten manxar
sigo descampando areas, querendo retallar niños
que se chaman polo seu nome: Medo
Non me importo teño xa o ollar atravesado polo musgo
e o meu pulso escapa polo alcohol que
tende os brazos tan de présa como a sede do máis oculto
[lugar,
figos e unha casa de leite, teño que estar contigo
e só estou no mesmo lugar onde chían os vimbios.

a miña cabeza de tesouros
formou o sol que os ollos beben pra protexela,
pero ela xa está baldía, internada
no silveiral que solta a súa fortuna
nas vides que estiveron á súa beira
os días nos que o home de branco mitolóxico ollaba nela,
co tempo a porfia abandóname
e a contemplación só sobrevive en fábula que a ningún lle
[interesa:
sons emparedados compiten no meu selvaxe

fermosas son as lágrimas esas que preguntan polas imaxes
[e o seu dobre que
examinan cun roce cancións buceadas
centauros tendidos no centro das mañás
a miña única ferida é de sal e disfrazase e pérdese abarcando
[límites nas esferas dos animais
que agora están cos ollos desprotexidos, espidos, mentres
elas foxen, as que cren ter as palabras que seguro que non
[senten nas súas paredes
fluxo suspendido na propia atmosfera
ESA que non se desmaia como a auga ó seguir a voz das
[pedras
¡ estou asilo pra nubes ou pra o frío dos dedos!

a vida consumida por ela mesma
"Zilli, a das almas" escoita esmaltados os espíritos
de tódolos inxertos que o home omófago
de ámbar frío poñía nos estirpeiros

- a moita xente pode serlle doado reconstruír
o tránsito de cada cousa na súa cousa,
¡pero a min, segredamente, dáme a risa!
e prefiro debuxar Zillis ou capturar vellas louzas
antes que darlle clima fermosamente confuso
a esa cousa das cousas da cousa

as hierofantas aprenden a redescubrir e mentir
ó espermático dinamismo,
falando de todo o tipo de sucedáneos crendo ser
os entendidos hieráticos que sesgan o mercado de
entrañas
nas mulleres de sarxia e fume de cedro,
lamentablemente négalo todo -
pero pra ela que sabe do real malestar psíquico
que desfai a carne dos rostros, non enxendras
outra cousa que: - nin máis, nin menos

a miña fiestra estará em Limanora
protexida por catapultas e un "cono de tormentas"
completamente aillada por un cerco de néboa

Anxos Romeo

Emma Couceiro (*Cospeito, Lugo, 1977*)



Obra:

Humidosas (Ed. *Espiral Maior, A Coruña, 1997*) - V *Prémio de Poesía Espiral Maior*.

As entrañas horas (Ed. *do Castro, 1998*) - X *Prémio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 1998*.

La Flama en el espejo nº3, ano I, México, 1997, volume colectivo: *Muestra de la joven poesía gallega*

Facer de min a túa lenda.
Entender que descansan sobre ti os restos da verdade,
que é fermosa a mentira,
que debo esquecer aqueles sen principio nen fin que nós éramos.
Pero tento regresar a un ataque de auga detida que empeza
[xustamente nos teus ollos
cando adiviñas a beleza do desastre
e é só imaxe.
Sei que a historia non ten nada que ver co sentimento
e é estraño.
Porque aínda así non arrastrará nada que me obrigue a crear
[unha necesidade
ou unha lenda.
E por iso renuncio ao drama.
Quero a miseria da que agarda. A miseria.

Despois de min non quedará nada
para baixar estas mareas que entregas mentres espero.
Pero escribe o que desexo,
o canto namorado da que agarda no adro da igrexa de vigo,
a miña devoción
e o mar que non existe dentro.

Porque nunca falaba do mar
e a súa lenda era un deserto,
areas que construen e erosionan como o sangue,
algo escuro que non entende a vida
e devolve o eco para unha distancia sen nome.

Que non ten nome esta lenda
aínda que escribas
que pode desalmar un val como un río
porque cae branco como o corpo que ama.

E non hai mar
a auga detense dentro e escribe
con cera ardendo outros naufraxios que querías,
outras ruínas,

e o canto namorado,
o canto que persiste namorado
e baixa as mareas.

*"é unha realidade - o sangue-
pero nós - estamos morrendo nun drama -
e o drama - nunca está morto -"*

Emily Dickinson

Vixiara o seu corpo con servidume. Aquela era a única lingua que non falaban dende a profundidade da carne extremadamente cansa. Pero recrea os trazos coa mesma paixón que adormece. E eu sinto que esta vez prefiro a frivolidade nativa, o mareo e o xesto falso do lunar perfilado. Encendo a pantalla e penso aprender os diálogos e falar contigo coma no cine, coa mesma voz e os mesmos ollos que non expresan nada. Penso que é un mundo moi débil. É débil a túa aprensión ás caixas de música, o meu coñecemento da miseria, a forma de estenderme nos bancos, as veces que penso en calar. Que eu pertenzo a ese mundo porque é así como penso en ti. Débil o corpo, a lingua.

Tchaikovski acabou ensordecéndome. Parecía fácil a fantasía, cravar o vestido, afogar no corsé, enredarte na cenefa e baixar da carruaxe en tempos de carestía. Na cidade vella todos descendendo coa cabalgata. E uns lentes na multitude saudando á raiña e á procesión dos increíbles cegos arrastrados. Pero non é así como camiñan ao redor dela. Non cren no perigo. O perigoso é o profundo. A profundidade coa que tentas calar. Non merezo que fales da historia que necesito cando mire atrás. Teño que dividir o desexo e

ofrecerche un vals cristalizado. Teño que crer calquer cousa e finxir que me doe para que nos miren. E ti pensas que acabarei por mentirche porque aínda non necesito a verdade. Aínda non necesito esquecer nada.

Os seus avós falaban dunha cova para os animais do inferno. Eran os tempos do pan e o amor era un sentimento do leste. Frío coma o frío de Varsovia.

As princesas son tristes e agardan. Recoñecen as estacións. Estou agardando e trátase dun acto que require un xesto preocupado, como a última vez que viu Morrer en Venecia, como cando todas as irmáns namoraban do noivo e el negábase a falar. Tiña unha cicatriz ao lado de cada ollo e necesitaba verme chorar no escenario, desquiciada polo tempo, débil de verdade.

Antiga vida miña. El era realmente desesperado e meu. O teatro noso e as palabras unha por unha na sombra. Ninguén escribía versos. Era sempre febreiro. Era a única mentira que non me custou nada.

Pero agora pensa se podes desafiar a miña memoria. Reducir os diálogos a unha necesidade de escribir o que non teño. Reducir o que non teño a unha necesidade de crearte.

A miña histeria pervirte o drama meditado. O perigo é o profundo, a necesidade de crear un espacio interior que nada ten que ver comigo, que ese espacio sexa unicamente drama: Unha noción da miseria, a necesidade de esquecer algo.

Matilde de La Mole

Todo o lenzo branco como un interior que teces cando
[desaparece a torre,
a vida aberta porque hai unha boca mítica que dilatas
até que a beleza axita medo
e o tecido estira igual que a pel do rei e outras batallas.

Que mintas así cando chegues á súa boca
e realices a lenda que se chama coma ti cada ano,
cada ano o loito escrito naquela historia que ti elixes entre
[todas

e o corazón enteiro ofrecido no estrado
para que fale.

E Matilde só quería a súa cabeza e subiu ás rochas
non se desmaiaba porque a dor quedara no corpo mutilado,
debaxo do sol, entre as costelas,
representando o silencio que agora ti lle negas
porque amas e berras e existe a lenda
exactamente igual que a beleza axita medo.

Que mintas así cando Julian agarda
a primeira devoción e todo o lenzo branco,
porque nada sabes da procesión estraña que el camiña para
[ver
se cegas e cegas e hai outro camiño e outra vontade que
[desafía ao tempo.

Pero chámase mítica porque aínda pode berrar
e non minte,
cruzar o seu corpo e caer para crear a lenda,
exactamente igual que cando amaba
e tecía todo o lenzo branco como un interior que medra
subindo a torre
cando desaparece a torre.

Emma Couceiro

Luísa Villalta (*A Coruña, 1957*)- Iníciase na arte pola porta da música, camiño que ven a confluír co da palabra no exercicio que se denomina *poesía*.



Obra:

Poesía:

Música Reservada (*Ed. do Castro, Corunha, 1991*)

Ruído (*Ed. Espiral Maior, 1995*)

Rota ao interior do ollo (*Ed. Tema, Lisboa, 1995*)

Solilóquio da Serpe (*Ed. Tema, Lisboa, 1998*)

Estudo das Sombras (*No Prelo*)

Narrativa:

Silencio, ensaiamos (*Ed. Via Lácte, Corunha, 1992*)

Teoría dos Xogos (*Ed. Laiovento, Santiago, 1997*)

Ensaio:

O Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral (*Ed. Laiovento, Santiago, 1992*)

O outro lado da música, a poesía (*No Prelo*)

Soliloquio da Serpe

(de algunha maneira)

E se o teu non fose máis que a luz do instinto
que te impulsou a abrir a pel que herdache
e nacerte do mar
para dar forma ao asubío do vento
que traía consigo as túas voces anteriores
para poderes escoller entre as posíbeis
como unha raíña que se mira as uñas
e finalmente feliz decide o exilio miúdo
dunha existencia en carne de sentir
de tanto e tanto irse esfregando
contra a dura pedra da certeza do chan
coas súas fames e sexos e flores defecadas
mais co pracer arrasto
envolta a nudez
na nudez dos corpos que procura?

(Enton)

Tras a primeira muda
crin verme no espello da televisión pasar como de lonxe
porque eran multitude e a metade dos rostos case o meu
Na observación deixei medrar en min as formas suaves
e os cabelos longos
como os partos das nais que me deron criado
Imprevisiblemente a somnolencia e a humidade
cantaron a melodía nupcial
mentres as carnes bifurcábanse e abríanse
xemelgas en min mesma que me miraba pasar
como de lonxe
con un só vacio insomne onde era o ventre
un vacío que se enchía co que minguaba da lúa
e se menstruaba despois como un tributo
de cabezas degoladas
Do cansazo de que se me permetese bailar
até atinxir unicamente un trance secundario
insumiso en min quixen un fillo e penetrarme

(En consecuencia)

Romper masculina a forza das espadas
a razón dando a razón, a lingua o lume
descoñecer cruel o ámbito da sombra
ser todo luz e inmortal sen sepultura
facer a guerra porque si e porque os outros
reter na man o ouro como un designio do sol
e esquecer o amor en cada rosa vencida
E cando chorase
por cada cuarto de lúa
soñar un deus confidente e variábel
un deus sen alma como un reloxo parado
que me deixase pasar
na súa distracción
sen perguntarme

(E así)

Na encrucillada das rotas viñemos a encontrarnos
ti eras eu e eu tamén viña de lonxe
para recoñecerte fóra da nimiedade do tempo
Os nosos ollos abriron fascinados as fauces
para que a vida non fose máis alá de onde o desexo
asestando o seu golpe mortal
Na cópula tragamos cada un o corpo da outra
e ficamos dúas cabezas sen saber o que dicerse
Deste modo inventamos a conspiración do pensamento
que abriu as asas poderosas nun paréntese
entre as constelacións dos campos magnéticos
Aí escribo eu
sobre a pel seca dos corpos vacíos
detida a morte apenas na traxectoria do vóo
buscando pola transformación a luz primeira.

Luísa Villalta

Luz Pozo Garza (Ribadeo, Lugo, 1922) -Poeta e ensaísta.

Catedrática de Literatura Española. Fundadora e codirectora da revista Nordés con vinte anos de vixencia. Funda e dirige, na actualidade, Clave Orion- revista internacional de poesía e crítica. Académica numeraria pela Real Academia Galega.

Obra:

Poesía: Anfora; El Vagabundo; O páxaro na boca; Cita en el viento; Verbas Derradeiras; Concerto de Outono (1981); Códice Calixtino (1986); Prometo a flor do Loto (1992); Vida secreta de Rosalía (1996).

Ensaio: A bordo de "Barco sin luces" ou o mundo poético de Luís Pimentel (1990); Alvaro Cunqueiro e "Herba aquí ou acolá"



(1991); Galicia ferida. A visión de Luís Seoane (1994); Ondas do mar de Vigo - *Erotismo e conciencia mítica nas Cantigas de Amigo* (1996)

Prémio da Cantiga; Prémio de Ensaio Tomás Barros; Prémio de Poesía González Garcés; Prémio de Creación Cultural Feminina, Medalla Castelao, etc.

Ondas do Mar de Vigo

1

Como as ondas do mar
compartimos dominios interiores
pois amamos a vida

En praias virxinaís descubrimos argazos
e flores desveladas:

a intacta imaxe dun amor
que a penas se revela

Somos rumor de ventos recollidos
na lona fiel de tempo

Seremos como a rocha
que coñece o misterio das aves que regresan

Seremos como a area ferida en desamparo
pola pasada anónima
que acouga como un cántico

como as ondas primeiras que van ó corazón
cando salfiren
firen
pero logo eternizan

2

Eu non quero pensar
que todo se extermine para sempre

Moito antes de que a imaxe do mundo
se desvelara en lágrimas

Denantes de que a lúa mostrase só unha face
e sumira en tesouros os pazos da raíña

Denantes de que o inverno nevara paseniño
nun xardín inocente

ou antes de que as aves asumisen a aurora...

xa estabamos aquí para tensar o amor
xa estabamos na luz remota desta terra que amamos

Nesta chuvia tan feble
que toma forma de ave para sobrevivir.

Luz Pozo Garza

Memoria de Africa

1

A terra nai recoñece ós seus mortos
un por un
no solpor dos camiños Nas pedras arrasadas

Fuxen as xentes asumidas na luz que se aniquila
inermes
congregadas no medo No pavor cara a morte

¿Por que esta sede?
¿esta inxusticia?
¿a fame?

¿Por que esta sangue, Deus?
Sangue inocente. Entrañas incendiadas

Na noite dos coitelos
Na mañá dos alfanxes
no tempo que se extingue en alarido...

¿Quen defende esta causa apocalíptica?
Tanta abominación asoma en bágoas lúcidas

¿A terra nai recoñece ós seus mortos?

2

Estas xentes sen patria
desgarradas do Sur
semellan ir á morte sen porfía

Un fardel de pavor sobre as costas
famélicas
Meniños e mulleres feitos de fame e pel acribillada

Talvez este exterminio
enterneza por fin os corazóns impúdicos
nunha luz abolida cara á morte

Non hai aves
Nin fontes
nin hai chuvias benéficas

Fuxiron os antílopes e os ibis
que preservan do mal
e fan sacras as augas...

Camiños sen retorno na obstinación
da morte:
ferida placentaria da humanidade toda

Van as nais e os meniños
tal unha flor exigua que se abateu nos límites
para morir unánime

3

Mira esa luz que fire mesmamente
nunha terra de fame e exterminio

Hai un bangá continuo que bate
polos mortos
e as nais enxoitán o pavor dos nenos...

Naceu unha meniña
e puxéronlle "Guerra" como nome de pía

A outro recente nado
chamáronlle "Sen Pai"


Un meniño zugaba na teta
da nai morta...

Mais un tam-tam percute nas consciencias
desde o país da fame
Desde a morte

Mais unha flor en tanto violada
declárase en urxencia

Luz Pozo Garza

Olga Novo (*Vilarmao, Lugo, 1975*) - Poeta e crítica literaria.



Obra:

Por un vocabulario galego do sexo. A terminoloxía erótica de Claudio Rodríguez Fer. (*Ed. Positivas, 1995*)
Nós nus (1997)

cosmogonía

fago casa entre as costelas e templo para cousas sagradas como esta.

non sei cómo sería se lograse unha voz semellante a unha flor intacta de cerdeira.

nin se fose capaz de comunicarme a través da fariña e do bulleiro.

todo me sobrevén coma un disparo.

meu pai decatouse de que eu levaba toxos para sempre na médula espinal,
soubo que iría parir deitada no centeo.
por iso me explicou que había de sentir a primeira espiga

que viran os meus ollos
e que un oubeo profundísimo de loba
lle daría forma a unha placentá.

eu, pai, eu non teño corpo para un campo excesivo de herba
retroñada
nin para o chorro de auga que abres entre as penas.
con qué inflexión de voz podo eu abrir un rego
no medio dun campazo.
cómo vou resistir toda esta lúa
se non sei cómo falar desde o interior dun boi, con qué palabra
vou nomea-la tristeza que lle pesa máis que tódolos teus xugos.

aínda que creas que veño do lugar en que mesturan como alquimia
as cousas que fan medrar dun xeito increíble as túas colleitas.
aínda que saibas que levo a rella do arado incrustada no útero.

pai, a ti todo che sobrevén como a tormenta,
ninguén diría que non tes precisamente o mesmo ton de voz
cás pedras de saraiba
ou ca un fío de auga derretida que ven dos candeóns.

por ti aprendín a turrar por un poema como por un becerro
cando se lle ven as patas
e a pousa-la man sobre un torrón para poder acompasa-lo meu
corazón ós seus latexos,
para que non me dea medo a morte se non estás, e nin a noite.

a nosa tumba ten algo de raíz e de rotunda música de vento
e de chuvia que non cesa.

romance do mendigo húngaro

entre nós existiu a delicada dimensión das Capelas Románicas
e a extravagancia dos Parque Eólicos no corazón.

ti quixéchela dunha maneira atroz porque planta oliveiras nos
[suburbios

e che dixo un día con extrema dozura
que o seu hime fora feito de cáscaras de noz e salitre acumulado
e encaixe de camariñas.

e que por esa razón e non por outra se sitúa na entrada das
arterias principais,
porque alí escoita a música tan alta que sente como treme o barro
das paredes.

se un día abríras para min as caixas de latón nas que conservas
a tenrura inicial vendada con teas de liño flamenco.

ti quixéchela dunha maneira atroz.
seíno porque como ela te tocou se toca un cadro ás escondidas,
e lle suaron as mans.
mentras non se pechou nela o teu hortal de rosas maduras,
de qué maneira entraron en ti os terremotos.

e serías capaz de pisar descalzo cos pés de cheo sobre a neve da
[estepa rusa
con tal que ela cantase para ti.

pero aínda que empapaches alfombras con chuvias que non recibiu
ningún campo

e pronunciaches máis de cen palabras nun idioma que non era o
teu, pronunciáchellas.

a pesar de que entrei na túa casa coa forza orquestral nos descampados.

a pesar de que el para min estrullou toda madeira de sándalo,
aínda que acendiches fogos de artificio sobre lagos conxelados,

por máis que o trono comezou un canto popular,

por ela agreouse o viño que carrexabades ti e tódolos teus
en naves de madeira vernizadas con especias.

por ti os corvos voaron sobre o trigo e acedaron o pan. sabes que
por ti se pecharon as espigas e abriu o gran desmesuradamente.

por ela, ti, conta unha balada antiquísima do leste de Europa,
decidiches abrimme as mans polas enrugas,
porque por amor se che abriron fendas
porque por amor se che abriron fendas de pedir
coma os mendigos húngaros.

as incendias

a grande carencia de non criar nas mans a raiceira,
o corpo das anciás idénticas ós liques

toda esta auga

e se te desconcerta esta luz

serías capaz de atravesar un lamento igual que o farías nun campo
en que se celebran ritos en plena primavera.

qué arrastran no corazón as violinistas senón toda a terra abríndose
despacio.

se morrer fose entrar por propio pé nas caledonias.

a miña relación carnal coas volvoretas no centro dunha praza
a miña relación carnal comigo mesma.

un manto para a corrente que entra nesta páxina,
as que fincan as gadañas no trebo alto,
asubían as herbas ata un corte afiado na epiderme.

telaza.

oras ofrecendo os peitos a ese sol distante, os teus aceites.

os pasteiros comezan a ensancharte,
sangras derrotada por isto, cómo te dobras para que este verso

diga exactamente un trival e digas trival e non caias enferma.
 incendias.

sucédeche toda a pedra desde hai tanto tempo que nin sequera
 lembrás a primeira vez
 e a primeira vez caíches rendida ante unha palabra
 que agora pronuncias simplemente cando a serra dispón
 [rabuñaduras
 fondas na túa boca.

o tempo preme en ti ata que non sexas máis capaz que desta leña
 cando veñan vivir os corvos ó teu pelo e non precisas falar,
 senón un líquido.

quizais cando te decates sexa tarde demais para facer esvarar
 talos no teu sexo, e non recordes formas de cantar millo en plena
 noite, deter a chuvia así, a salvia levantada.

quen me dera verte subíndose a marea obscenamente.

QUE CRUCES POLO MEDIO DESTA PÁXINA
 COMO QUEN PASA POLO CENTRO DO SOL SEN ABRASARSE

extáticas

nada direi de cando volvo do amor como bebedora exhausta,
 tampouco direi nada dos himnos.

un día, a soas, levareite a un lugar para que vexas regresar
 desde os meus pulsos as especies extinguidas.

para que logo me digas campanarios e tarântulas fóra de ti,
 como te quero. e atopas na casa, tiradas polo chan, palabras
 que confundes con pedras de orixe volcánica e con látigos.

porque estás sobre o nivel do mar

serei tan radical para os teus ritmos.

xa sei,
 pensas que escribo cun xeito de morder os beizos como froita,
 con calor inflamable de membrana, coas pernas medio abertas,
 si, son tan obscena
 porque escribo por ti e por instinto.

son lasciva acaso porque fago pontes de cordón umbilical,
 acaso porque levo en carne viva un a un tódolos versos,
 porque me doen máis có sal cristalizado nos músculos
 vulvares.

pero é así como se adquire a experiencia interior
 dos movementos sísmicos.

e mira ti,

estás onde nunca pensei que se sostiña un arrecife
porque falas dun bico sinxelo e primordial de orballo de
novembro.

non te decatas e es tan revolucionario, amor,
cando a tenrura. e se me chamas bronce, tola, bailarina rusa.

(ten algo de carbón fosilizado e de loucura todo isto,
penso tamén que algo de bálsamo).

son tan obscena porque sei
que esta é a fin do tempo e de tódalas épocas.

é o momento da mordedura do alacrán:
non sei vivir doutra maneira se non é enferma
de ter feras ó límite por dentro.

Olga Novo

Yolanda Castaño (*Santiago de Compostela,*
1977)- Poeta, crítica e animadora literaria.



Obra:

Elevar as pálpebras - Premio de Poesía Fermín Bouza
Brey 1994 - (*Ed. Espiral Maior, Corunha, 1995*)

Delicia (*Poesía, Ed. Espiral Maior, 1998*)

Vivimos no ciclo das Erofanías - Premio Johán Carballeira
de Poesía 1997 - (*No Prelo*)

Volumes Colectivos:

Para saír do século. Nova proposta poética. (*Ed. Xerais
de Galicia, 1997, org. Luciano Rodríguez e Teresa Seara*)

*La Flama en el espejo n.º3, ano I, México, 1997: "Muestra
de la joven poesía gallega" (Ed. Praxis)*

Daquelas que cantan...Rosalía na palabra de once
escritoras galegas (1997)

O Culto

I

Mostro interese por unha plácida tortura.
Onde un escándalo que me derrota,
Pero fame algo que sexa moi estético.

Éntreme unha agonía que me quenza até a garganta
unha nave de estrugas que facía tanta falla e déixame chorar.
Que xurda e que descarne
apetécame unha anguria enferma unha miseria enferma unha
mórbida compracencia.

Nunha extensión tan cruda
esta será unha reverencia negra.

II

Para unha miseria gloriosa esta será unha reverencia negra.
Prácame unha agonía que sexa moi estética
Lábios que se repregan e que afloran e castigan
e facerche tanto dano mentres digo meu amor.
Onde unha apracible tortura
as túas unllas que me morden e os teus dentes me consumen. Quero
saloucar. E nos días seguintes esta dor permanente
e as marcas das trabadas na carne resentida
coma un poema esculpido no corpo, coma beixo tatuado
delicioso sacrifico a medio rematar.

III

Onde un escándalo que me derrota.
Quero columpiarme nunha hora de loito.

Foi entón a noite que descubrín a antiga senda trala colina de Zaman,
chegado cunha aparencia sobrenatural e salvaxe
así cravou na miña carne as súas unllas de tres centímetros e medio
e así quero que me ate cos sesenta centímetros de cabeleira
negra negra

Que me corra un arrepío por todas as regandixas,
gardo para ti un santuario de fetiches, quero
pronunciar calquera lúgubre antollo
unha violencia latente tan tenrísima e violenta
para que chores, meu amor, para que chores un pouco.

IV

Hei de rotular unha letra B no oBscuro da tua persoa.
Si que me apetece que inaugures o meu lado enfermo e
que me salves, meu animal.
Recoñezo unha rexión sinistra nas nosas bárbaras chamadas.

Respiramos despacio o amargor da noitebra,
todos os bichos da noite lánzanse contra nós,
pero ti, meu animal,
a xente obsérvanos cando imos pola rúa.

se me peinas os cabelos no medio e medio da rúa,
se te botas ós meus pés para anoarme os zapatos
esa será unha reverencia negra negra
e logo as marcas das trabadas coma caricias en sangue
delicioso sacrifico a medio rematar.

V

No amargor da noitebra consumaremos unha negra reverencia.
Vamos a merendar un pan de loito e pónteme medroso,
Pónteme a compadecer
 esta hora de cavernas
vén e cómete o meu lado enfermo e crava
 todos os beixos acedamente cicatrizados.

Así eu te pido a ti,
 imperiosamente, imperativamente.

Debaixo dun diluvio opaco, debaixo,
e armados até os dentes,
agarrándote polo pescozo e como cun vestido de martirios
para que chores, meu amor, para que chores un pouco.

Yolanda Castaño

Índice

Ana Romaní.....	pág.7
Anxos Romeo.....	pág.13
Emma Couceiro.....	pág.20
Luía Villalta.....	pág.26
Luz Pozo Garza.....	pág.31
Olga Novo.....	pág.37
Yolanda Castaño.....	pág.45

Edições Tema

- 1 - Luísa Villalta, *Rota ao interior do olho*
- 2 - José Gustavo Teixeira, *Alrededor de Héctor Rosales*
- 3 - Agathe Destobbeleer, *Representação do corpo ausente em D. Juan Tenorio*
- 4 - Luis Nóbrega, *O corpo encolhido*
- 5 - Carlos L. Bernárdez, *O corpo da amiga*
- 6 - Fernando Martinho Guimarães, *A invenção da morte*
- 7 - Xosé María Álvarez Cáccamo, *A escrita das aves de marzo*
- 8 - Carlos Saraiva Pinto, *O viajante transitório*
- 9 - Elizabeth Challinor, *Tales from Inside / Manhãs do olhar*
- 10 - Tudo o que a água consigo leva - respostas poéticas à arte musical de Carlos Paredes endereçadas por: *Adalberto Alves, Albano Martins, Amadeu Baptista, Ana Maria Ferreira, Anna Hatherly, Armando Silva Carvalho, Arturo Casas, Carlos Poças Falcão, Carlos Saraiva Pinto, Casimiro de Brito, Egito Gonçalves, Emanuel Jorge Botelho, Fernando Echevarria, Firmino Mendes, Héctor Rosales, Isabel Aguiar Barcelos, Joaquim Matos, José Agostinho Baptista, Luísa Villalta, Mário Cláudio, Vergílio Alberto Vieira, Viale Moutinho, Xosé María Álvarez Cáccamo, Xulio L. Valcárcel.*
- 11 - Anxo Pastor, *O cavalo económico*
- 12 - Tomás Batista Gomes, *Hipótese semi-secreta*
- 13 - Alfredo Fressia, *O Futuro / El Futuro*
- 14 - Rogério Carrola, *A Oração de Filipa*
- 15 - Máximo Hernández, *Cerimonial do Tempo*
- 16 - Mulher a facer vento - poesia de *Ana Romani, Anxos Romeo, Emma Couceiro, Luísa Villalta, Luz Pozo Garza, Olga Novo, Yolanda Castaño*